



MIRANDO CARA ATRÁS

Alumnado de PDC de 4º

Agora que isto se acaba, agora que temos que deixar paso a novas xeracións de mozos e mozas, que entrarán no instituto co mesmo temor que tiñamos nós hai xa... tantos anos, agora que imos deixar este centro no que tantas e tantas cousas nos pasaron, queremos botar a vista atrás para facer un pouco de historia. Estas son algunhas das aventuras que nos sucederon no noso paso polo insti.



AQUELES TEMPO NOS QUE SE ¿PODÍA? FUMAR

A piques de rematar o curso, de tantas experiencias vividas de tantas historias inolvidables, decidimos contarvos o mellor de seis anos estudando no IES de Melide. A nós non nos sucederon moitas anécdotas pero o que vos podemos dicir é a cantidade de amizades que se poden chegar a facer, e as trastadas que xuntas realizamos (digamos que non foron poucas) coas que ao final te acabas levando ben ou mal, no noso caso os amigos/as que permanecen aquí, e outros que marcharon, sempre irán con nós: Noe, Ale, Miri, Sue, Isma, Javi, Juan, Cris, Vane, Maceda, Lidia, Mirta... unha lista interminable, incluso moitos dos nosos profesores e profesoras que marcaron, uns máis que outros, a nosa aprendizaxe e que se esforzaron por ensinarnos a andar pola vida, GRAZAS POR TODO.

Pero agora ben, imos contarvos como Belén nos pillou no baño das rapazas fumando. Todo aconteceu cando nós cursabamos 3º da ESO, estabamos cinco rapazas metidas nun único baño, Monika, Silvia, Susy, Ale e Noe, cando de repente sentimos abrir a porta; era ¡Belén!, a Vicedirectora, a nosa querida Belén berrándonos que saísemos, nós seguíamos fumando tranquilamente cando, farta de esperar a que saísemos, pediunos novamente que saísemos apagamos o pitillo, e fixémoslo en fila india as cinco, mentres Belén apuntaba no seu super-mega-caderno os nomes e apelidos de cada unha de nós. A verdade é que finalmente non sucedeu nada máis. ¡Canto temos vivido nos baños, risas, bágoas, ilusións, e sen dúbida os cigarros que levamos fumado!

Bueno, xa para rematar, dar as grazas a todos por ensinarnos a andar pola vida, e a todas esas amizades que estiveron para o malo dicirvos que tedes dúas grandes amigas para todo o que necesitedes; aínda que nos marchemos sempre estaredes con nós.

GRAZAS A TODOS. ¡¡¡¡¡¡¡¡¡¡ATA SEMPRE!!!!!!!!!!

MÓNICA LABANDEIRA PUGA
SILVIA LIÑEIRA VÁZQUEZ

O PROBLEMA DOS ASTERISCOS

Agora que xa non nos queda case nada para marchar recordamos moitas cousas que nos ocorreron dende que empezamos o instituto .

Cando íamos en segundo, a nosa titora era unha profesora moi querida; ela sempre andaba coa súa axenda onde apuntaba se tiñamos feitos os deberes, as faltas, os asteriscos (que os poñía cando nos portabamos mal, e baixaban a nota). Un día a profe cabreouse e dixo que o que volvese a falar levaría un asterisco, entón Alberto, un rapaz da nosa clase, empezou a falar, e como a nós nos caía mal, acusámolo á profe, e por acusalo, ela púxonos o asterisco a nós en vez de a el, protestámoslle e díxonos que se non calabamos que nos poñía outro e, como nos conviña, calamos a boca.

Bueno, pois cousas do estilo desta pasáronnos moitas, e esta é unha de tantas que recordamos agora que estamos a piques de rematar. Houbo momentos nos que non nos apetecía estar moito na clase, pero tamén houbo momentos moi bos, e tamén coñecemos a xente moi boa, e se non fose precisamente por ter que vir á clase, no tivéssemos tido a posibilidade de coñecela.

VANESSA GARCÍA BARALLOBRE
CRISTINA VÁZQUEZ PORTO